



Estimadas familias:

A Nova Dirección do ANPA do CEIP Plurilingüe Souto Donas queremosvos dar a benvinda neste curso escolar 2021-2022.

O primeiro, presentarnos:

- Presidente: Xesús Míguez Clemente
- Vicepresidenta: Samanta Torre Diego
- Secretaria: Mónica Ramilo Méndez
- Tesoureira: Leticia Arias Caride
- Vocais:
 - Eva Vázquez Dorado
 - Ana Rouco Gonda
 - Noelia Piñeiro Vázquez

Ante todo e sendo conscientes do traballo que supón, dende esta nova ANPA, queremos dar as **GRAZAS** polo labor realizado e por estes anos de entrega desinteresada da Directiva da ANPA anterior.

Como Directiva aceptamos o reto de comezar dende cero e partimos nesta aventura moi ilusionados e con desexos de seguir mellorando, así como con novos retos para alcanzar unha mellor **EDUCACIÓN PARA TODOS E TODAS**. Debemos ser conscientes de que as familias somos un membro máis da comunidade educativa, xunto cos propios alumnos e profesores e por este motivo, animámosvos a participar e **colaborar** facéndoos socios do ANPA, recalcando a importancia desta acción, xa que como asociación sen ánimo de lucro, a nosa principal fonte de ingresos é a **cuota** de socios e temos moi claro que cantas máis familias sexamos e maior sexa a participación, máis obxectivos poderemos conseguir.

Xuntos podemos lograr moitas cousas para os nosos fillos e fillas: un claro exemplo deste traballo foi a renovación do patio coa colocación dos tipis, a parede musical ou a recente aportación económica para a posta do céspede artificial entre outros; a organización e celebración das festas tradicionais e a adquisición de novo material educativo.

Unha das intencións deste curso é voltar a ofertar as actividades extraescolares das cales vos iremos informando, xestionar a aula madrugá e renovar o carné de desconto para socios en establecementos adheridos do Val Miñor.

Entre outras moitas funcións, parécenos fundamental establecer unha **comunicación** positiva entre familias e colexio, e como mediadores convidámosvos a aportar ideas, suxestións e inquiredanzas. Estaremos moi agradecidos de que vos poñades en contacto con nos a través dos seguintes medios:

- ✓ No buzón que se atopa na entrada principal do centro
- ✓ Teléfono: 675 948 901
- ✓ E-mail: anpasoutodonas@gmail.com
- ✓ Facebook: ANPA DONAS

Para rematar, agradecer a todas as familias socias que ano tras ano confían no labor da ANPA e convidar ás que aínda non o son, e ás que inician este ano a súa andaina no colexio a formar parte desta gran familia.

E ti, a que esperas para ser socio? **AFÍLIATE!**

Algúns exemplos das aportacións e melloras que a ANPA levou a cabo neste último curso.



Tipis de madeira no patio



Panel musical con distintos tipos de sonido e aprendizaxe



Novo areeiro con balanza, pirámide de madeira e tobogán



Aportación económica para a colocación de céspede artificial